Aprendo Galego

Guía Didáctica

Abril 2014

[Beatriz Real & Ángel Cañas]

LICENCIAS POR ESTUDIOS 2013/14

CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Guía didáctica 2
1- Introdución 2
2-Contidos curriculares a desenvolver 3
3-Contidos 4
1- O substantivo e o adxectivo. 4
2- O artigo, o demostrativo e o posesivo. 4
3- O pronome. 4
4- O verbo 4
5- A conxunción, preposición e outras clases de palabras. 4
6- Ortografía 4
4-Obxectivos educativos 5
5-Metodoloxía 6
▪5-1- Tradicional. _____ 6
▪5-2- Autoaprendizaxe. _____ 6
6- Orientacións didácticas 8
6-1- "Liga lingüística". 8
6-2- Creación de exercicios. 8
7- Recursos de avaliación. 9
8- Secuenciación temporal. 10

Guía didáctica

1- Introdución

O presente Obxecto Dixital Educativo, **Aprendo Galego**, consta de seis unidades educativas nas que se agrupan as distintas clases de palabras. Cada unha delas ofrece unha explicación teórica e múltiples actividades guiadas orientadas a que o alumnado de **Lingua Galega** traballe os contidos da materia.

O propósito desta aplicación web é ofertar ao alumnado unha ferramenta educativa alternativa para a aprendizaxe da lingua, baseada en breves actividades autoavaliativas que os motiven, e que lles permitan marcar o ritmo da súa aprendizaxe e que os introduzan ao mesmo tempo no manexo de aplicacións informáticas. Tanto as actividades, coma a teoría, parten de contidos básicos para despois ir ofrecendo outros de maior nivel de complexidade, polo que o traballo pode enfocarse para alumnos de primeiro e segundo ciclo de ESO e mesmo superior. Para permitir esta adaptación ao grupo, as actividades autoavaliativas divídense en tres niveis (competencia básica, media e alta). Cada alumno poderá decatarse do nivel de coñecemento do que parte e o que se agarda que alcance. A finalidade desta oferta autoavaliativa é que os alumnos e alumnas obteñan melloras no seu proceso de adquisición da linguaxe e que iso lles sirva de espora para aprender máis.

2-Contidos curriculares a desenvolver

Das catro habilidades básicas en que incide o curriculum de Lingua (escribir, escoitar, falar e ler) este recurso incide principalmente na aprendizaxe e mellora da escritura e da fala.

O recurso dixital céntrase, basicamente, en desenvolver o contido curricular que figura no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, no que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria en Galicia. Establece que na área de Lingua e Literatura galegas dentro do "Bloque 3. Funcionamento da lingua", deberán impatirse contidos relacionados co coñecemento sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección. Porén, hai outras competencias básicas nas que se incide, coma o tratamento da información dixital. O alumnado ha de aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e aos alumnos mellorar a súa formación.

Entre os cambios acaecidos na sociedade actual, un dos máis relevantes para a adquisición do coñecemento é a irrupción das TIC, dada a súa influencia directa en multitude de factores da vida cotiá. O potencial educativo que estas tecnoloxías representan é recoñecido pola maioría dos docentes. A introdución das TIC supón cambios metodolóxicos e epistemolóxicos que hai que valorar e aproveitar para que respondan de forma efectiva ás demandas educativas e ás necesidades de todo o alumnado. Hoxe en día, estanse integrando de maneira xeneralizada nos centros educativos; a posibilidade de incorporar o uso do computador e do resto de tecnoloxías no conxunto do curriculum é unha cuestión relativamente doada. Mais, este cambio non debe supoñer soamente unha innovación tecnolóxica. As novas ferramentas, máis atractivas para o alumnado, deben conseguir mellorar a adquisición do coñecemento, estimulando a súa prendizaxe e motivándoa con novas propostas.

"Aprendo Galego 1" pretende ofrecer unha ferramenta para uso neste novo contexto educativo, que agardamos contribúa a aumentar o interese e a motivación do alumnado por aprender, aproveitando un elemento presente na actual cultura de masas.

3-Contidos

Os contidos tratados nos diferentes apartados son os seguintes:

1- O substantivo e o adxectivo.

2- O artigo, o demostrativo e o posesivo.

3- O pronome.

4- O verbo

5- A conxunción, preposición e outras clases de palabras.

6- Ortografía

Cada apartado está organizado do seguinte xeito:

a- Explicación teórica

b- Exercicios prácticos

c- Autoavaliación

4-Obxectivos educativos

Os principais obxectivos educativos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Fortalecer e mellorar o coñecemento que o alumnado ten da lingua galega.
- Mellorar a calidade dos textos escritos e orais producidos polos estudantes
- Fomentar o respecto polas normas e pola corrección lingüística.
- Avaliar a corrección lingüística e ortográfica.
- ·Contribuir a producir textos coherentes e precisos.
- Avaliar o coñecemento resultante da aprendizaxe na aula.
- Potenciar a autonomía do alumno/a na aprendizaxe.

5-Metodoloxía

Este Obxecto Dixital Educativo ofrece dúas posibilidades metodolóxicas para o profesorado: o tradicional, e o de fomento da auto-aprendizaxe.

- **5-1- Tradicional.**

  O docente pode efectuar unha explicación da teoría e das normas ortográficas empregando a pantalla dixital. A continuación, acompañará os alumnos na realización das actividades propostas seguindo a secuenciación e temporalización que el mesmo marque. As alumnas e alumnos poderán realizalas individualmente en cadanseu computador ou tablet, se dispoñen deles, ou seguir os exercicios pola pantalla.

- **5-2- Autoaprendizaxe.**

  A presentación como portal interactivo é un mecanismo de información e formación que facilita a selección dos contidos. Debe supoñer unha nova potencialidade para o alumnado, non unha dificultade, polo que se ha de garantir que todos e todas teñan os medios técnicos adecuados para empregala. Consistirá en que o alumnado, cada un ao seu ritmo, realice a práctica na que se traballan os contidos específicos. A función do docente será a de acompañar e verificar os avances, apoiando a aqueles que presenten maiores dificultades e animando a seguir progresando aos que acaden maiores obxectivos. É convinte que o profesor ou profesora vaia deixando constancia periodicamente da evolución dos seus alumnos.

Dentro de cada apartado, as actividades están ordenadas pola súa facilidade. É dicir, os primeiros exercicios son os máis básicos; van variando e aumentando de dificultade para que o profesor poida adaptalos ao nível dos alumnos/as. Isto permite atender aos alumnos que precisen dalgunha adaptación curricular e tamén a aqueles alumnos máis avanzados, en procura da consecución da excelencia nun contexto de equidade. Como dixemos, o papel do profesor préstase máis a ser o de "acompañante" no proceso de aprendizaxe.

Este segundo método permite flexibilizar os itinerarios de aprendizaxe, avanzando na individualización e favorecendo o tratamento da diversidade en todo o alumnado.

O profesorado debe asegurarse de que todos os alumnos adquiren unhas

capacidades e uns coñecementos básicos, mais tamén debe conducir aos alumnos con maiores capacidades á excelencia educativa. Como sabemos, a atención á diversidade convértese en aspecto esencial na actividade docente. A autovaliación por competencias (básica, media e alta) permite ao profesor e ao alumno medir a evolución da aprendizaxe. É unha maneira doada de que, por exemplo, o alumnado procedente doutros países, saiba cal é a base da que parte e até onde pode chegar; é dicir, detectar as desigualdades de orixe axudará a diminuilas.

En ambos tipos de aprendizaxe suxírense algunhas pautas de control do traballo: Todas as actividades son autoavaliativas e reforzadoras da norma. Isto quere dicir que, unha vez realizadas, os estudantes poden ver os resultados na pantalla (facendo clic en "enviar") e unha explicación nos exercicios que consideramos pertinente. Cando o estimen oportuno, poden tomar nota do número de erros (que aparecen resaltados en vermello), o que lles servirá de control do proceso de aprendizaxe. O alumnado pode reiniciar e repetir tantas veces como desexe, co que, presumiblemente, grazas a este procedemento de repetición e reiteración da norma, o alumno mellorará a súa competencia na nosa lingua.

A adquisición e asunción da norma non é un proceso que se produza de maneira idéntica en todas as personas. Por exemplo, a ortografía ten sido protagonista dun largo debate pedagóxico e a miúdo relaciónase co fracaso académico dos estudantes. Sábese que a fixación "visual" da norma correcta é esencial na aprendizaxe, polo que as nosas actividades non permiten nunca ver palabras mal escritas, coa finalidade de reforzar tamén a adquisición visual, ofrecendo sempre ao final da actividade a retroalimentación oportuna.

Cada sección ten unha serie de actividades sobre a base da avaliación proposta e a reiteración da norma, o que leva á súa fixación na práctica.

6- Orientacións didácticas

Como xa indicamos, cada contido traballado acompáñase de actividades intensificadoras e avaliadoras de diferentes tipos. Aínda así, queremos efectuar algunhas propostas máis para a súa aplicación na aula.

É reconmendable intercalar esta técnica de traballo coa creación propia de diferentes tipos de textos orais e escritos nos que o alumnado poida poñer en práctica o aprendido.

Ademais do traballo de forma secuencial, apartado por apartado, este recurso didáctico ofrece diferentes modelos de actividades para potenciar a participación e implicación directa dos alumnos. Propoñemos levar a cabo na aula as seguintes actividades:

6-1- "Liga lingüística".

Ademais dos exercicios autoavaliativos que complementan cada apartado, a posibilidade de autoavaliacións finais permite, por exemplo, organizar na aula unha "liga". Faríase máis ou menos do seguinte xeito: todos os alumnos comezan o desafio no nivel 1 de competencia. Ao final do tempo pautado polo profesor tómase nota do número de erros cometidos polos alumnos. Os que teñen menor "cantidade" (o profesor/a decidirá o número máximo) ascenden de división e pasan ao nível 2. Os que non promocionaron poderán facelo cando alcancen o número de erros máximo. E así sucesivamente, do 2º nível pasarase ao 3º polo mesmo procedemento. Coidamos que a competencia é motivadora para os estudantes e de gran valor educativo para intensificar os resultados.

6-2- Creación de exercicios.

Que o alumno cree os seus propios exercicios é unha actividade interesante para reflexionar sobre a norma. Cada estudante debe escribir un exercicio de avaliación ao final de cada apartado. Deste xeito, ao remate de cada avaliación e do curso os alumnos disporán de moitos exercicios avaliativos que servirán como control para o profesor o como reforzo para os estudantes que o precisen. Trátase dunha actividade individual, pero enfocada ao grupo, polo que predispón a unha relación positiva e motiva ao alumno. Como sabemos, a maneira de contribuir a que a cultura académica sexa máis significativa para o alumno é favorecendo a súa implicación.

7- Recursos de avaliación.

No deseño deste recurso baseámonos na importancia do uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, pois vemos o erro como parte consubstancial do proceso de aprendizaxe.

Como indicamos na descrición da metodoloxía, todas as actividades son autoavaliativas e reforzadoras da norma. Os resultados aparecen na pantalla facendo clic en "enviar". O alumnado pode reiniciar e repetir tantas veces como desexe.

Para verificar a correcta asimilación por parte do alumnado dos contidos tratados é aconsellable que o profesor ou profesora vaia tomando nota dos resultados das autoavaliacións dos seus alumnos.

Todos os exercicios son de auto-avaliación da formación, é dicir, non se limitan a ofrecernos a cualificación obtida, senón que amosan a resposta correcta e explican a norma, estimulando a aprendizaxe.

O recurso tamén ofrece unha función recapituladora, concibida como unha "proba de competencia": son modelos autoavaliativos dos diferentes níveis (desde o mínimo esixido en sexto de primaria a un nivel similar adecuado para bacharelato) que recolle todos os conceptos traballados. Estas actividades de avaliación dos niveis divídense en partes, fácilmente computables, pero non pretenden ser meramente cualificadores; pensamos que é máis interesante detectar o tipo de erros que a cantidade deles. Esta característica permite ao profesor e ao alumno realizar un mellor diagnóstico do coñecemento, así como unha fácil detección da clase de erros que os estudantes cometen, permitindo así un reforzo individualizado e adecuado. Este enfoque autoavaliativo e o feito de que o método se poida empregar de forma independente polos estudantes tamén estimula a atención á diversidade na aula, facilitando o progreso dos estudantes con dificultades. Por outra banda, as probas de avaliación ofrecen diferentes posibilidades de desempeño educativo na aula, como xa se explicou.

8- Secuenciación temporal.

O traballo que os estudantes deben realizar pode facerse en sesións sucesivas (para o que necesitan entre 7 e 8 sesións de 50 minutos por tema) ou durante o curso, segmentado os contidos a conveniencia.

A primeira é a opción máis recomendable debido a que o traballo habitual e a avaliación continua na aula serven de reforzo.

O profesor/a coidará a relación entre teoría e práctica, para equilibrar ambas. Como xa dixemos, aconsellamos evitar fatigar o alumno con saturación de tarefas avaliativas, para o que procurará combinar o traballo deste recurso con outro tipo de actividades nas que os alumnos teñan a posibilidade de redactar, expoñer, compartir e poñer en práctica o aprendido. O traballo desta unidade tampouco debe ser exclusivo da aula; o alumno pode exercitarse en casa cando o estime oportuno.